

Viveiro

Arcediagado da diocese de Mondoñedo que desapareceu en 1855, a raíz do concordato asinado coa Santa Sé en 1851. Estaba administrada polo arcediago de Viveiro, dignidade da catedral mindoniense.

A finais da Idade Media contaba con 45 parroquias, unha menos das que conformaban o seu territorio no momento de se extinguir.

Localizábase no noroeste da actual provincia de Lugo. O seu territorio comprendía os actuais concellos do Vicedo, Viveiro, Xove, Cervo, Burela, Ourol e a maior parte do de Muras. No seu momento, tamén unha freguesía do de Abadín se adscribiu a este arcediagado.